

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR SAN JOSÉ 36006675
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LENGUA CASTELLANA
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra	LCB1.1.1 Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra	LCB1.1.2 Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
B1.4 Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1 Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B1.5 Comprender o sentido global dun texto oral.	LCB1.5.1 Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
B2.1 Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1 Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.4 Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.2 Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel	LCB2.2.1 Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
B3.1 Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1 Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B3.2 Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1 Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B3.3 Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e	LCB3.3.1 Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións,	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD

intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	instrucións, contos, anécdotas...	• CAA
B4.1 Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1 Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	• CCL
B4.1 Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.2 Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	• CCL
B4.1 Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.3 Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	• CCL
B4.1 Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.4 Distingue xénero e número en palabras habituais.	• CCL
B4.1 Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.5 Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	• CCL
B4.1 Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.6 Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.	• CCL
B4.2 Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.1 Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	• CCL
B4.3 Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1 Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	• CCL
B4.4 Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	LCB4.4.1 Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	• CCL

B5.1 Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	LCB5.1.2 Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC • CSC
B5.2 Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	LCB5.2.1 Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos que se van a levar a cabo serán:</p> <p><u>Observación directa do traballo diario.-</u> Terase en conta o traballo realizado polo alumnado durante as dúas primeiras avaliacións nas actividades levadas a cabo na aula. Tamén se valorará de forma positiva a realización das tarefas realizadas durante a docencia non presencial.</p> <p><u>Probas obxectivas:</u> Realizaranse tarefas de forma oral para a valoración dos coñecementos acadados polo alumnado.</p> <p><u>Producións propias:</u> Se realizarán fichas e outros traballos relacionados cos contidos.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p><u>Entrevista:</u> De forma individual analizaremos o grado de consecución do estándar de aprendizaxe.</p> <p><u>Caderno e libro do alumno:</u> Revisión, corrección e análise diaria das actividades realizadas.</p> <p><u>Debates na aula e intervencións nas actividades propostas no blog.-</u> Realización de preguntas chave para amosar os coñecementos sobre unha temática.</p>
Cualificación final	<p>A avaliación terá un carácter continuo e irá en liña coas indicacións referidas na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na etapa de Educación Primaria.</p> <p>Realizarase unha valoración global das producións do alumnado a través dos diferentes instrumentos valorando o grado de consecución dos elementos curriculares anteriormente seleccionados.</p> <p>Para avaliación das competencias clave terase en conta todos os estándares que se relacionan con cada competencia a través dunha media aritmética.</p> <p>Terase en conta de forma positiva todos os traballos desenvolvidos durante a etapa non presencial. A súa participación contribuirá cun incremento de 1 punto na avaliación final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	NON CORRESPONDE
Alumnado de materia pendente	NON CORRESPONDE

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades desenvolvidas durante este 3º trimestre irán destinadas á realización de tarefas de reforzo, repaso e ampliación dos contidos traballados durante a ensinanza presencial.</p> <p>Trataremos de desenvolver o nivel competencial do alumnado a través de tarefas interdisciplinares e integradas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía estará baseada nos criterios establecidos no artigo 15 do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se regula o currículo na Educación Primaria.</p> <p>Buscaremos un aprendizaxe comunicativo, activo, participativo e inclusivo. O noso principal obxectivo será a funcionalidade das aprendizaxes favorecendo a autonomía do alumnado e a consecución de aprendizaxes significativas, onde se fomentará a implicación do alumnado. As ferramentas TIC serán a base da nosa práctica docente o que levará á súa vez á motivación do alumnado.</p> <p>Para adaptarnos á ensinanza non presencial utilizaremos unha plataforma para poñernos en contacto co alumnado. Así como un enderezo de correo electrónico para comunicarnos coas familias.</p> <p>Para aquel alumnado que comunique ao centro a súa dificultade para acceder ás actividades e tarefas programadas, buscaremos métodos alternativos para non se vexa interrompido o seu proceso de aprendizaxe. Por exemplo comunicacións telefónicas.</p>
Materiais e recursos	<p>Utilizaremos recursos interactivos en diferentes plataformas virtuais, así como producións propias do alumno e material audiovisual.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Informaremos ás familias a través de diferentes medios para asegurar que a información referida ao proceso de ensino e aprendizaxe chega a todas elas. Para isto empregaremos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Blog de aula. 1epcprsanjose@blogspot.com - Vía telemática (Correo electrónico) - Vía telefónica.
Publicidade	<p>A organización do proceso ensino-aprendizaxe achegaráselle ás familias a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Web do centro - Blog do centro. - Blog de aula 1epcprsanjose@blogspot.com